

Estudos de Xénero e Identidade sobre Tradución e Interpretación

V01M047V01206 Máster de Investigación Tradución & Paratradución OPTATIVA SEMESTRE 2

Profesorado responsable: Alberto Álvarez Lugrís (alugris@uvigo.es)

Profesorado invitado: Michaela Wolf

Linguas de traballo: es, en, fr, gl, outras

Introducirase o alumnado en diferentes aspectos centrais aos estudos de xénero e identidade con gran relevancia para a tradutoloxía. Como primeira aproximación a ambas as disciplinas, aplicarase unha perspectiva de xénero e/ou identitaria ao discurso teórico sobre tradución, á historiografía tradutolóxica, á análise crítica das traducións así como á mesma práctica da tradución. A este respecto, repasaranse algunhas das achegas máis importantes á práctica da tradución feminista e ós procesos de tradución como formadores de identidades e avaliaranse as súas respectivas estratexias tradutivas, buscando en último termo que o alumnado valore criticamente novas posibilidades e técnicas de tradución desde a dobre perspectiva de xénero e/ou de creación de identidades para diferentes tipoloxías textuais, contribuíndo deste xeito a abrir novos camiños neste ámbito de coñecemento.

temario

- | | |
|---|---|
| 1. A perspectiva de xénero na tradución | 1.1. Tradución feminista. 1.2. Escritoras, tradutoras, rebeldes |
| 2. Transculturalidade e tradución | 2.1. Identidade cultural 2.2. Tradución e poscolonialismo |
| 3. Tradución e creación de identidades | 3.1. Literatura, identidade, nación e tradución. 3.2. Atlantismo e (pan)celtismo. 3.3. Análise da tradución galega do Leabhar Gabhala Erénn. 3.4. Nación e tradución en Plácido Castro. |

Metodoloxía docente

| | |
|--|--|
| Actividades introdutorias | Presentación do curso e do programa. Tarefas de xestión e administración da conta do alumno en TEMA e noutras aplicacións que se empregarán no curso. |
| Seminarios | Sesións centradas no estudo dun tema concreto nas que o profesor actuará como guía do alumno na súa análise e valoración de diferentes fenómenos tradutivos. |
| Debates | Discusión entre os alumnos ó redor de temas propostos polo profesor. Nos debates o profesor actuará como guía e moderador. |
| Estudo de casos/análises de situacións | Preséntaselle ó alumno unha situación real de tradución que se deberá analizar polo miúdo no seu contexto. |
| Foros de discusión | Discusións de formato libre e sen dirección do profesor ó redor de temas propostos tanto polo profesor como polo alumno. |

Avaliación

| | |
|---|---|
| Seminarios 25 % | Correcta aplicación de conceptos e metodoloxías ós casos prácticos propostos |
| Debates 25 % | Artellar un discurso crítico coherente e razoado ó redor dos temas propostos, empregando os conceptos revisados no seminario. |
| Estudo de casos/análises de situacións 25 % | Análise razoada dos casos propostos: antecedentes, contexto sociohistórico, consecuencias |
| Foros de discusión 25 % | Artellar un discurso crítico coherente e razoado ó redor dos temas propostos, empregando os conceptos revisados no seminario. |

Para ter dereito á avaliación continua e a unha cualificación final, o alumno deberá participar en tódalas actividades previstas na materia.

Nas distintas probas propostas será imprescindible responder tódalas preguntas. O alumnado deberá realizar un traballo que consistirá na aplicación dos conceptos e metodoloxías revisadas no seminario a un caso de tradución concreto. Con respecto á corrección das distintas probas, cómpre sinalar que se lle prestará unha especial atención ó dominio das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua empregada (galego, castelán, portugués, inglés, francés). Tres erros ortotipográficos ou morfosintácticos invalidarán calquera proba.

Materias do máster máis directamente relacionadas

Antropoloxía da Tradución e Interpretación/V01M047V01102

Literatura, Paratradución e Negociación Cultural/V01M047V01104

Memoria, Mestizaxe e Migración/V01M047V01105

Metodoloxías da Investigación en Tradución e Interpretación/V01M047V01101

Prácticas/V01M047V01210

Traballo de Fin de Máster/V01M047V01211